

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO PARA A MELLORA DO MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, D. José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeado por Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e que actúa en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra, D. Guillermo Vergara Muñoz, actuando na súa condición de Vicepresidente en representación da Fundación Paideia Galiza, con NIF G15798655, e enderezo social en Liñares – Brión, A Coruña, no exercicio das facultades conferidas en virtude do artigo 23 dos seus Estatutos.

Cada parte intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración.

### EXPOÑEN

**Primeiro.** Que a Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións que en materia de montes e aproveitamentos forestais como se establecen nos puntos 10 e 11 do artigo 27 do Estatuto de Galicia e demais normativa de aplicación.



**Segundo.** Consonte ao artigo 15 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia, onde se recolle que a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal ten atribuídas as competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción forestal e conservación dos recursos forestais. Entre outras liñas de actuación sinalase no artigo 16 do mencionado Decreto, que a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal a través da Subdirección Xeral de Recursos Forestais se encargará das accións de mellora da produción forestal, así como da conservación e fomento dos recursos forestais e a través do Centro Investigación Forestal de Lourizán (CIF de Lourizan) exercerá todas as funcións en materia de experimentación relativas á ecoloxía de especies autóctonas, á mellora xenética forestais e á fitopatoloxía das especies forestais.

**Terceiro.** Entre as especies forestais que se están a demandar polo sector forestal, segundo os “Informes de necesidade de planta para as campañas anuais”, elaborados pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, destacan o carballo, *Quercus robur* e o bidueiro, *Betula pubescens*.

Un aspecto moi importante a ter en conta é que, co fin de minguar a forte dependencia externa na comercialización de ditas especies procedentes doutros países da Unión Europea, cómpre abordar liñas de traballo co obxectivo fundamental de establecer metodoloxías e procedementos técnicos para a produción en Galicia nas cantidades que se están a demandar, co fin de asegurar un correcto establecemento e viabilidade de futuro nas repoboacións dos nosos montes, coas mellores características xenéticas que permitan a resiliencia dos nosos bosques.

**Cuarto.** A Fundación Paideia Galiza é unha institución que se adica á investigación e ao desenvolvemento tecnolóxico no eido da mellora da produción da planta de distintas especies forestais.

**Quinto.** Os laboratorios de Cultigar pertencentes á Fundación Paideia Galiza representan a única institución, de carácter privado en Galicia, capaz de desenvolver os traballos de investigación e produción de planta forestal, mediante o método de



micropropagación, co uso de técnicas de reprodución “in vitro”. Presentando unha dilatada experiencia en especies forestais con actual demanda no sector, carballo, cerdeira e castiñeiro entre outras.

**Sexto.** É vontade da Fundación Paideia Galiza e a Consellería do Medio Rural colaborar nas actividades de investigación e transferencia da produción do carballo e do bidueiro propostos e aprobados como materiais forestais de reprodución. As partes teñen o interese común de fomentar o uso de frondosas caducifolias, e por tanto especies autóctonas, a través da mellora xenética, garantindo a dispoñibilidade de plantas melloradas para realizar novas plantacións.

Ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as condicións de colaboración da Fundación Paideia Galiza e a Consellería do Medio Rural para a execución das accións que se leven a cabo: tanto para dar continuidade ao proxecto de investigación iniciado no anterior convenio asinado en abril do 2018, no que se refire á mellora da produción forestal dunha das especies forestais de maior interese no bosque galego como é o carballo *Quercus robur*; así como para iniciar o desenvolvemento e posta a punto da técnica de reprodución que permita mellorar a produción forestal do bidueiro, *Betula pubescens* en Galicia.

### Segunda.-

A Consellería do Medio Rural, por medio do persoal técnico da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal xunto co asesoramento do CIF de Lourizán, dirixirá e coordinará tecnicamente as actividades propostas co fin de mellorar a produción de plantas forestais das especies: carballo e bidueiro, ambas de orixe galego, intervindo activamente no desenvolvemento das obrigas recollidas neste convenio.



### Terceira.- Obrigas da Fundación Paideia

A Fundación Paideia Galiza asume as seguintes obrigas:

1 Continuar coa reprodución e mantemento polo método de cultivo *in vitro* dos descendentes de 20 xenotipos de *Quercus robur*, seleccionados nos diferentes rodais selectos de Galicia, para a conservación do seu xermoplasma e o subministro de material suficiente para as instalacións de mouteiras demostrativas. Realizarase tanto no viveiro de Cultigar como no CIF de Lourizán a optimización do crecemento en viveiro previo á plantación en campo das 1000 plantas aportadas entre todos os xenotipos.

Procurarase que, de a lo menos 20 xenotipos, as cantidades producidas sexan en torno a 15 plantas de cada un, para poder instalar un campo de ensaio clonal coas suficientes garantías a nivel estatístico.

2 Ampliación da base xenética da colección inicial de *Quercus robur*, mediante a clonación *in vitro* das árbores sobresaíntes adultas (poderán ser as mesmas xa seleccionadas ata o de agora ou outras novas) dos rodais selectos empregando embrioxénese somática ou forzado de rebrotes basais.

3 Estudos de conservación en frío dos xenotipos estudados de *Quercus robur* para o mantemento do seu xermoplasma a longo prazo á espera dos resultados do material de campo.

4 Estudo da capacidade de multiplicación e posta a punto da técnica de reprodución por cultivo *in vitro* dos individuos sobresaíntes de *Betula pubescens* da plantación experimental de Bóveda, empregando rebrotes basais e epicórmicos. Tamén se xerminarán parte das sementes que se recollan destes individuos e se estudiará a posibilidade de clonales mediante cultivo *in vitro*.

5 Posta a punto da metodoloxía para o estudo das características da madeira das diferentes árbores sobresaíntes de *Quercus robur* e *Betula pubescens*, seleccionadas neste convenio.

6 Organización dunha xornada para a divulgación do traballo realizado e formación sobre a xestión forestal.

7 A fundación debe contribuír economicamente ao desenvolvemento dos traballos de acordo co indicado nos Anexos I e II do presente convenio.



#### **Cuarta.- Obrigas da Consellería do Medio Rural**

A Consellería do Medio Rural asume as seguintes obrigas:

1 Participar e colaborar nas accións previstas da citada investigación co persoal técnico e científico especializado en material forestal de reprodución dunha forma substantiva, directa e efectiva. Para tal función a Consellería de Medio Rural, a través do CIF Lourizán e a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, destinará o seguinte persoal:

- Unha doutora experta en xenética forestal.
- Un coordinador e un técnico especialista en material forestal de reprodución.

2 Participar na coordinación técnica e na programación das actuacións contidas no presente convenio, xunto coa Fundación Paideia Galiza, na toma das decisións que afecten ao desenvolvemento das actividades.

3 Continuar co programa de mellora xenética da especie *Quercus robur* para avanzar no seu coñecemento e compartir os resultados do estudo de proxenies cos técnicos da Fundación Paideia Galiza.

4 Garantir a trazabilidade do material recollido de *Quercus robur* tanto nas parcelas instaladas como campos de plantas nai como nas mouteiras deste material.

5 Impulsar o programa de mellora xenética da especie *Betula pubescens* e garantir a trazabilizade do material recolleitado para a súa reprodución.

6 Xunto cos técnicos da Fundación Paideia Galiza, avaliación en campo do material resultante do cultivo *in vitro*. Testando, entre outros, a súa idoneidade para ser transferido e comercializado polo sector.

7 A Consellería do Medio Rural debe contribuír economicamente ao desenvolvemento dos traballos de acordo co indicado nos Anexos I e II do presente convenio.

#### **Quinta.- Financiamento e pagamento**

O orzamento total do proxecto é de 216.609,38 €, tal como se reflexa nos anexos II e III, que acompañan a este convenio, desagregado por anualidades e por actuacións.

A Consellería do Medio Rural financiará estas actuacións dentro da partida orzamentaria 14.03.713B.640.1, código do proxecto 2016 00202, modalidade de financiamento 1010 (fondos propios libres), con un importe total de 173.287,50 euros, desagregado nas seguintes anualidades.



Ano 2021: Corenta e un mil setecentos corenta e sete euros con corenta e catro céntimos (41.747,44 €)

Ano 2022: Sesenta e un mil novecentos corenta e oito euros con corenta e oito céntimos (61.948,48 €)

Ano 2023: Sesenta e un mil oitocentos trinta e catro euros con trinta e seis céntimos (61.834,36 €)

Ano 2024: Sete mil setecentos cincuenta e sete euros con vinte e dous céntimos (7.757,22 €)

Esta achega só cubrirá os custes de realización dunha parte da actividade, sen beneficios industriais, nin lucro entre ambas partes.

O resultado material da investigación pertence tanto á Fundación Paideia Galiza como á Consellería do Medio Rural, sen necesidade de aboar á Fundación Paideia Galiza ningún outro concepto.

Para o pagamento destas achegas, antes do 30 de novembro da anualidade correspondente (excepto no ano 2024 que será antes dun mes despois da data de finalización do convenio), a Fundación Paideia Galiza, presentará perante a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación dunha relación das actividades realizadas, expedida pola pola Directora técnica do Centro da Fundación Paideia Galiza.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
  - . Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
  - .Unha relación de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente dos gastos incorporados na relación a que fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

No suposto de que o convenio se resolvera antes do prazo previsto, conforme aos prazos establecidos na cláusula décimo segunda, a Fundación Paideia Galiza entregará un informe coa relación das actividades realizadas ata esa data.



Así mesmo, a Consellería do Medio Rural abonará as cantidades debidas desde o último pago ata a data en que se dea por resolto o convenio, previa presentación da documentación xustificativa de ter realizados os gastos correspondentes e as facturas expedidas pola Fundación.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería do Medio Rural diminuírase proporcionalmente.

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal será o órgano encargado de comprobar o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos. Unha vez comprobada a documentación, o director xeral de Planificación e Ordenación Forestal emitirá un certificado.

#### **Sexta.- Responsabilidade**

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados do desenvolvemento do proxecto e a Consellería do Medio Rural; de tal modo que non se poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos que teñan lugar durante o citado desenvolvemento.

#### **Sétima.- Comisión de seguimento**

Para avaliar o desenvolvemento do convenio de colaboración constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada institución asinante, nomeadamente.

Pola banda da Consellería do Medio Rural, será a persoa titular da Subdirección Xeral de Recursos Forestais e o Director do CIF de Lourizan, ou no seu caso nas persoas nas que deleguen.

Pola banda da Fundación Paideia Galiza, será a Presidenta da Fundación Paideia e a Directora técnica do Centro da Fundación Paideia Galiza, ou no seu caso nas persoas nas que deleguen.

Esta comisión encargarse do seguimento das actuacións e avaliación dos resultados, e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado, establecendo e definindo as pautas de actuación e supervisando





tecnicamente as accións previstas no mesmo.

A Comisión de Seguimento asegurarse, que ao longo da duración do convenio se garante a satisfacción do interese común e o mantemento da natureza do convenio.

#### **Oitava.- Informe anual**

A Fundación Paideia Galiza elaborará anualmente e presentará perante a Comisión, un informe das actividades realizadas e resultados acadados no marco do convenio no ano precedente. O derradeiro ano a Fundación Paideia Galiza, debera presentar un informe onde quede especificados os protocolos, a capacidade e a cantidade de planta das dúas especies, que pode producir anualmente para transferir ao sector.

#### **Novena.- Confidencialidade**

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún concepto, a información científica ou técnica pertencente á outra parte, á que puidera ter acceso con ocasión do desenvolvemento do convenio, agás que tal información sexa do dominio público ou que a súa revelación sexa requirida por Lei.

Do mesmo xeito, comprométense a adoptar as medidas necesarias para que as persoas encargadas do proxecto respecten a confidencialidade da información. A Consellería do Medio Rural resérvase o dereito de publicar e utilizar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución deste convenio.

En materia de publicacións, respectarase sempre a mención aos autores do traballo e no caso da difusión dos resultados ou calquera tipo de acción publicitaria, farase sempre referencia especial ao presente convenio.

A propiedade intelectual e industrial dos resultados da investigación pertencerá á Consellería do Medio Rural e á Fundación Paideia Galiza e non aos autores materiais dos traballos.

#### **Décima.- Causas de resolución**

Son causas de resolución deste convenio:

- 1 Incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas.
- 2 Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- 3 Modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.



4 Se por causa allea á vontade das partes signatarias, algunha delas se vira na necesidade de resolver o convenio, terá que comunicarllo á outra parte cun aviso previo de un mes antes da data en que desexe dalo por finalizado.

Si se resolve o convenio por algún incumprimento causado pola Fundación Paideia, a Consellería do Medio Rural poderá esixir a devolución das cantidades achegadas en concepto de indemnización.

#### **Décimo primeira.- Rexistro de convenios**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

#### **Décimo segunda.- Vixencia**

O presente convenio asínase cunha duración de tres anos, contados desde a sinatura do mesmo.

As entidades asinantes poderán de mutuo acordo prorrogar o presente convenio a unha segunda fase, coa formalización dunha Addenda. Dita fase consistirá principalmente na produción de material vexetal para o sector, conforme as capacidades que se deduzan do informe da cláusula oitava, e as necesidades da Consellería do Medio Rural. A vixencia da prórroga non poderá superar á do convenio prorrogado.

#### **Décimo terceira.- Natureza do convenio**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.



Este Convenio rexerese polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto no seu clausulado estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/ 2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ( BOE nº 236 do 2 de outubro) , no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

#### **Décimo cuarta.- Xurisdición aplicable**

As Partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

#### **Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.





E, en proba de conformidade, asinan dixitalmente, o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.

Conselleiro do Medio Rural

Vicepresidente da Fundación Paideia  
Galiza

José González Vázquez

Guillermo Vergara Muñoz





## ANEXO I. TÁBOA DE DESAGREGACIÓN DE ACTIVIDADES

ACTIVIDADES na especie <i>Quercus robur</i>	2021	2022	2023	2024	TOTAL
1.- Mantemento in vitro e produción dos xenotipos establecidos en anos anteriores; optimización do crecemento en viveiro previo á plantación do ensaio clonal. Establecemento dos descendentes con mellor fenotipo.	25.329,60 €	19.391,00 €	13.694,75 €	- €	58.415,35 €
2.- Estudo da clonación das árbores plus das mouteiras empregando embrioxénese somática ou mediante forzado de rebrotes basais e/ou epicórmicos.	5.599,00 €	9.576,50 €	5.781,00 €	- €	20.956,50 €
3.- Seguimento do crecemento das árbores nas novas parcelas que se instalen para o ensaio clonal de carballo.	- €	- €	3.320,00 €	1.860,00 €	5.180,00 €
4.- Estudos de conservación en frío dos xenotipos de carballo.	4.372,00 €	5.245,50 €	3.245,50 €	- €	12.863,00 €
<b>Total Actividades en <i>Quercus robur</i></b>	<b>35.300,60 €</b>	<b>34.213,00 €</b>	<b>26.041,25 €</b>	<b>1.860,00 €</b>	<b>97.414,85 €</b>

ACTIVIDADES na especie <i>Betula pubescens</i>	2021	2022	2023	2024	TOTAL
1.- Establecemento in vitro dos mellores proxenitores de familia da parcela experimental establecida en Bóveda, empregando material adulto, rebrotes basais e epicórmicos.	9.160,70 €	12.208,10 €	10.428,10 €	- €	31.796,90 €
2.- Xerminación dunha parte das sementes recollidas das árbores plus.	2.203,00 €	- €	- €	- €	2.203,00 €
3.- Establecemento in vitro e posta a punto do protocolo de multiplicación dunha selección de descendentes.	- €	15.807,00 €	20.573,60 €	7.836,53 €	44.217,13 €
<b>Total Actividades en <i>Betula pubescens</i></b>	<b>11.363,70 €</b>	<b>28.015,10 €</b>	<b>31.001,70 €</b>	<b>7.836,53 €</b>	<b>78.217,03 €</b>

ACTIVIDADES en XERAL	2021	2022	2023	2024	TOTAL
1.- Posta a punto da metodoloxía para o estudo das características da madeira das diferentes árbores plus de carballo e bidueiro.	5.520,00 €	15.207,50 €	14.950,00 €	- €	35.677,50 €
2.- Xornada formativa na xestión forestal.	- €	- €	5.300 €	- €	5.300,00 €
<b>Total Actividades en Xeral</b>	<b>5.520,00 €</b>	<b>15.207,50 €</b>	<b>20.250,00 €</b>	<b>- €</b>	<b>40.977,50 €</b>



## ANEXO II. ORZAMENTO

### TÁBOA DE DESAGREGACIÓN DE CATEGORÍAS DE GASTO POR ANUALIDADE

Categorías de gasto	2021	2022	2023	2024	TOTAL
Gastos de persoal	28.015,00 €	35.455,00 €	37.959,00 €	6.054,00 €	107.483,00 €
Gastos de equipamento	2.100,00 €	4.000,00 €	2.200,00 €	0,00 €	8.300,00 €
Gastos de material funxible	12.085,00 €	14.719,00 €	10.908,00 €	1.514,00 €	39.226,00 €
Gastos de servizos e expertos externos	2.000,00 €	9.500,00 €	8.000,00 €	0,00 €	19.500,00 €
Gastos de viaxe e desprazamentos	830,00 €	1.200,00 €	670,00 €	90,00 €	2.790,00 €
Gastos xerais	4.110,00 €	8.216,10 €	7.810,05 €	983,40 €	21.119,55 €
Gastos administrativos	3.044,30 €	4.345,50 €	4.445,90 €	1.055,13 €	12.890,83 €
Outros	0,00 €	0,00 €	5.300,00 €	0,00 €	5.300,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>52.184,30 €</b>	<b>77.435,60 €</b>	<b>77.292,95 €</b>	<b>9.696,53 €</b>	<b>216.609,38 €</b>

Categorías de gasto	FINANC.XUNTA GALICIA	FINANC.FUND. PAIDEIA
Gastos de persoal	85.986,40 €	21.496,60 €
Gastos de equipamento	6.640,00 €	1.660,00 €
Gastos de material funxible	31.380,80 €	7.845,20 €
Gastos de servizos e expertos externos	15.600,00 €	3.900,00 €
Gastos de viaxe e desprazamentos	2.232,00 €	558,00 €
Gastos xerais	16.895,64 €	4.223,91 €
Gastos administrativos	10.312,66 €	2.578,17 €
Outros	4.240,00 €	1.060,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>173.287,50 €</b>	<b>43.321,88 €</b>

ANUALIDADE	TOTAL	FINANC.XUNTA GALICIA	FINANC.FUND. PAIDEIA
2021	52.184,30 €	41.747,44 €	10.436,86 €
2022	77.435,60 €	61.948,48 €	15.487,12 €
2023	77.292,95 €	61.834,36 €	15.458,59 €
2024	9.696,53 €	7.757,22 €	1.939,31 €
<b>TOTAL</b>	<b>216.609,38 €</b>	<b>173.287,50 €</b>	<b>43.321,88 €</b>





ANEXO III. TÁBOA DE DESAGREGACIÓN DE CUSTOS POR ACTIVIDADES

<i>ACTIVIDADES : Quercus robur</i>	2021	2022	2023	2024	TOTAL	FINANCIAC. XUNTA GALICIA	FINANCIAC. FUND. PAIDEIA
<b>1.- Mantemento in vitro e produción dos xenotipos establecidos en anos anteriores; optimización do crecemento en viveiro previo á plantación do ensaio clonal. Establecemento dos descendentes con mellor fenotipo.</b>	<b>25.329,60 €</b>	<b>19.391,00 €</b>	<b>13.694,75 €</b>		<b>58.415,35 €</b>	<b>46.732,28 €</b>	<b>11.683,07 €</b>
Gastos de persoal	14.329,00 €	10.639,00 €	7.395,00 €		32.363,00 €	25.890,40 €	6.472,60 €
Gastos de equipamento	2.100,00 €				2.100,00 €	1.680,00 €	420,00 €
Gastos de material funxible	5.168,00 €	4.515,00 €	3.740,00 €		13.423,00 €	10.738,40 €	2.684,60 €
Gastos de servizos e expertos externos						0,00 €	0,00 €
Gastos de viaxe e desprazamentos	250,00 €	150,00 €	150,00 €		550,00 €	440,00 €	110,00 €
Gastos xerais	1.949,70 €	2.723,10 €	1.670,25 €		6.343,05 €	5.074,44 €	1.268,61 €
Gastos administrativos	1.532,90 €	1.363,90 €	739,50 €		3.636,30 €	2.909,04 €	727,26 €
<b>2.- Estudo da clonación das árbores plus das mouteiras empregando embrioxénese somática ou mediante forzado de rebrotos basais e/ou epicórmicos.</b>	<b>5.599,00 €</b>	<b>9.576,50 €</b>	<b>5.781,00 €</b>		<b>20.956,50 €</b>	<b>16.765,20 €</b>	<b>4.191,30 €</b>
Gastos de persoal	3.500,00 €	2.666,00 €	2.960,00 €		9.126,00 €	7.300,80 €	1.825,20 €
Gastos de equipamento						0,00 €	0,00 €
Gastos de material funxible	1.090,00 €	1.860,00 €	1.440,00 €		4.390,00 €	3.512,00 €	878,00 €
Gastos de servizos e expertos externos		3.500,00 €			3.500,00 €	2.800,00 €	700,00 €
Gastos de viaxe e desprazamentos	200,00 €	350,00 €			550,00 €	440,00 €	110,00 €
Gastos xerais	459,00 €	783,90 €	915,00 €		2.157,90 €	1.726,32 €	431,58 €
Gastos administrativos	350,00 €	416,60 €	466,00 €		1.232,60 €	986,08 €	246,52 €
<b>3.- Seguimento do crecemento das árbores nas novas parcelas que se instalan para o ensaio clonal de carballo.</b>			<b>3.320,00 €</b>	<b>1.860,00 €</b>	<b>5.180,00 €</b>	<b>4.144,00 €</b>	<b>1.036,00 €</b>
Gastos de persoal			2.900,00 €	1.500,00 €	4.400,00 €	3.520,00 €	880,00 €
Gastos de equipamento						0,00 €	0,00 €
Gastos de material funxible						0,00 €	0,00 €
Gastos de servizos e expertos externos						0,00 €	0,00 €
Gastos de viaxe e desprazamentos			150,00 €	90,00 €	240,00 €	192,00 €	48,00 €
Gastos xerais						0,00 €	0,00 €
Gastos administrativos			270,00 €	270,00 €	540,00 €	432,00 €	108,00 €





<i>ACTIVIDADES : Quercus robur</i>	2021	2022	2023	2024	TOTAL	FINANCIAC. XUNTA GALICIA	FINANCIAC. FUND. PAIDEIA
<b>4.- Estudos de conservación en frío dos xenotipos de carballo.</b>	<b>4.372,00 €</b>	<b>5.245,50 €</b>	<b>3.245,50 €</b>		<b>12.863,00 €</b>	<b>10.290,40</b>	<b>2.572,60 €</b>
Gastos de persoal	2.800,00 €	1.290,00 €	1.290,00 €		5.380,00 €	4.304,00 €	1.076,00 €
Gastos de equipamento		2.000,00 €			2.000,00 €	1.600,00 €	400,00 €
Gastos de material funxible	920,00 €	1.420,00 €	1.420,00 €		3.760,00 €	3.008,00 €	752,00 €
Gastos de servizos e expertos externos						0,00 €	0,00 €
Gastos de viaxe e desprazamentos						0,00 €	0,00 €
Gastos xerais	372,00 €	406,50 €	406,50 €		1.185,00 €	948,00 €	237,00 €
Gastos administrativos	280,00 €	129,00 €	129,00 €		538,00 €	430,40 €	107,60 €
<b><i>SUBTOTAL Actividades: Quercus robur</i></b>	<b>35.300,60 €</b>	<b>34.213,00 €</b>	<b>26.041,25 €</b>	<b>1.860,00 €</b>	<b>97.414,85 €</b>	<b>77.931,88 €</b>	<b>19.482,97 €</b>





ACTIVIDADES: <i>Betula pubescens</i>	2021	2022	2023	2024	TOTAL	FINANCIAC. XUNTA GALICIA	FINANCIAC. FUND. PAIDEIA
<b>1.- Establecemento in vitro dos mellores proxenitores de familia da parcela experimental establecida en Bóveda, empregando material adulto, rebrotes basais e epicórmicos</b>	<b>9.160,70 €</b>	<b>12.208,10 €</b>	<b>10.428,10 €</b>		<b>31.796,90 €</b>	<b>25.437,52 €</b>	<b>6.359,38 €</b>
Gastos de persoal	3.930,00 €	7.260,00 €	7.260,00 €		18.450,00 €	14.760,00 €	3.690,00 €
Gastos de equipamento						0,00 €	0,00 €
Gastos de material funxible	3.877,00 €	2.594,00 €	994,00 €		7.465,00 €	5.972,00 €	1.493,00 €
Gastos de servizos e expertos externos						0,00 €	0,00 €
Gastos de viaxe e desprazamentos	180,00 €	300,00 €	120,00 €		600,00 €	480,00 €	100,00 €
Gastos xerais	780,70 €	1.328,10 €	1.328,10 €		3.436,90 €	2.749,52 €	687,38 €
Gastos administrativos	393,00 €	726,00 €	726,00 €		1.845,00 €	1.476,00 €	369,00 €
<b>2.- Xerminación dunha parte das sementes recollidas das árbores plus</b>	<b>2.203,00 €</b>				<b>2.203,00 €</b>	<b>1.762,40 €</b>	<b>440,60 €</b>
Gastos de persoal	856,00 €				856,00 €	684,80 €	171,20 €
Gastos de equipamento						0,00 €	0,00 €
Gastos de material funxible	1.030,00 €				1.030,00 €	824,00 €	206,00 €
Gastos de servizos e expertos externos						0,00 €	0,00 €
Gastos de viaxe e desprazamentos						0,00 €	0,00 €
Gastos xerais	188,60 €				188,60 €	150,88 €	37,72 €
Gastos administrativos	128,40 €				128,40 €	102,72 €	25,68 €
<b>3.-Establecemento in vitro e posta a punto do protocolo de multiplicación dunha selección de descendentes</b>		<b>15.807,00 €</b>	<b>20.573,60 €</b>	<b>7.836,53 €</b>	<b>44.217,13 €</b>	<b>35.373,70 €</b>	<b>8.843,43 €</b>
Gastos de persoal		9.434,00 €	12.554,00 €	4.554,00 €	26.542,00 €	21.233,60 €	5.308,40 €
Gastos de equipamento			1.200,00 €		1.200,00 €	960,00 €	240,00 €
Gastos de material funxible		2.730,00 €	2.114,00 €	1.514,00 €	6.358,00 €	5.086,40 €	1.271,60 €
Gastos de servizos e expertos externos						0,00 €	0,00 €
Gastos de viaxe e desprazamentos						0,00 €	0,00 €
Gastos xerais		2.349,60 €	2.950,20 €	983,40 €	6.283,20 €	5.026,56 €	1.256,64 €
Gastos administrativos		1.293,40 €	1.755,40 €	785,13 €	3.833,93 €	3.067,14 €	766,79 €
<b>SUBTOTAL Actividades: <i>Betula pubescens</i></b>	<b>11.363,70 €</b>	<b>28.015,10 €</b>	<b>31.001,70 €</b>	<b>7.836,53 €</b>	<b>78.217,03 €</b>	<b>62.573,62 €</b>	<b>15.643,41 €</b>





<i>ACTIVIDADES en Xeral</i>	2021	2022	2023	2024	TOTAL	FINANCIAC. XUNTA GALICIA	FINANCIAC. FUND. PAIDEIA
<b>1.- Posta a punto da metodoloxía para o estudo das características da madeira das diferentes árbores plus de carballo e bidueiro.</b>	5.520,00 €	15.207,50 €	14.950,00 €		35.677,50 €	25.437,52 €	6.359,38 €
Gastos de persoal	2.600,00 €	4.166,00 €	3.600,00 €		10.366,00 €	8.292,80 €	2.073,20 €
Gastos de equipamento		2.000,00 €	1.000,00 €		3.000,00 €	2.400,00 €	600,00 €
Gastos de material funxible		1.600,00 €	1.200,00 €		2.800,00 €	2.240,00 €	560,00 €
Gastos de servizos e expertos externos	2.000,00 €	6.000,00 €	8.000,00 €		16.000,00 €	12.800,00 €	3.200,00 €
Gastos de viaxe e desprazamentos	200,00 €	400,00 €	250,00 €		850,00 €	680,00 €	170,00 €
Gastos xerais	360,00 €	624,90 €	540,00 €		1.524,90 €	1.219,92 €	304,98 €
Gastos administrativos	360,00 €	416,60 €	360,00 €		1.136,60 €	909,28 €	227,32 €
<b>2.- Xornada formativa na xestión forestal</b>			5.300,00 €		5.300,00 €	4.240,00 €	1.060,00 €
Outros			5.300,00 €		5.300,00 €	4.240,00 €	1.060,00 €
<b>SUBTOTAL Actividades en Xeral</b>	<b>5.520,00 €</b>	<b>15.207,50 €</b>	<b>20.250,00 €</b>		<b>40.977,50 €</b>	<b>32.782,00 €</b>	<b>8.195,50 €</b>

	2021	2022	2023	2024	TOTAL	FINANCIAC. XUNTA GALICIA	FINANCIAC. FUND. PAIDEIA
<i>SUBTOTAL Actividades: Quercus robur</i>	35.300,60 €	34.213,00 €	26.041,25 €	1.860,00 €	97.414,85 €	77.931,88 €	19.482,97 €
<i>SUBTOTAL Actividades: Betula pubescentes</i>	11.363,70 €	28.015,10 €	31.001,70 €	7.836,53 €	78.217,03 €	62.573,62 €	15.643,41 €
<b>SUBTOTAL Actividades en Xeral</b>	<b>5.520,00 €</b>	<b>15.207,50 €</b>	<b>20.250,00 €</b>		<b>40.977,50 €</b>	<b>32.782,00 €</b>	<b>8.195,50 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>52.184,30 €</b>	<b>77.435,60 €</b>	<b>77.292,95 €</b>	<b>9.696,53 €</b>	<b>216.609,38 €</b>	<b>173.287,50 €</b>	<b>43.321,88 €</b>

